

SITUACIÓN DA EPIDEMIA

INFÓRMATE

siguenos en:
YouTube f

Información gratuita desde calquera punto de España:

Cruz Vermella > 900 111 000
informacionvih@cruzroja.es
www.cruzroja.es/vih/
900 ROSA > 900 601 601

Información por comunidades e cidades autónomas:

Andalucía > 900 850 100 / www.juntadeandalucia.es/salud/vih
Aragón > 900 111 000 / www.saludpublicaaragon.es
Asturias > 985 338 832 / www.pruebadeamor.org
Illas Baleares > 971177360 / <http://vihsida.caib.es>
Canarias > 902 114 444/922 237590 /
www.gobiernodecanarias.org/sanidad/scs/sida.htm
Cantabria > 942 207 745/732 / www.saludcantabria.org
Castela-A Mancha > 900 111 000 / www.jccm.es
Castela e León > 983 413 600/ www.saludcastillayleon.es
Cataluña > 900 212 222 / <http://canalsalut.gencat.cat>
Extremadura > 924 382 641/924 382 594 / www.saludextremadura.com
Galicia > 881 542 914 / <http://dxsp.sergas.es>
Madrid > 900 111 000 / www.madrid.org
Murcia > 900 706 706 / www.murciasalud.es
Navarra > 848 423 396 / www.isp.navarra.es
País Vasco > 943 006 464 / www.osakidetza.euskadi.net/sida
A Rioxa > 941 291 976 / www.riojasalud.es
Comunidade Valenciana > 900 702 020 / www.sp.san.gva.es
Ceuta > 856 205 009 / 900 101 867 / www.plansidaceuta.es
Melilla > 952 976 251 / www.melilla.es

AO INICIO DA EPIDEMIA, EN ESPAÑA...

HOXE, EN ESPAÑA...

O VIH transmitíase principalmente a través do uso compartido de material de inxección.

O VIH transmítese fundamentalmente a través das relacións sexuais non protexidas.

Notificábanse as taxas da sida máis altas de Europa.

As cifras de novos diagnósticos de infección por VIH son similares ás da Unión Europea.

A esperanza de vida das persoas con VIH era curta. Non máis de 10 anos tras a infección.

O VIH converteuse nunha enfermidade de evolución crónica sen tratamento curativo.

A principal preocupación clínica era a aparición de enfermidades oportunistas.


O envellecemento das persoas con VIH e os efectos secundarios dos tratamentos ocupan un lugar central na investigación e tratamento.

Cumpríronse 30 anos desde que se produciron os primeiros diagnósticos de sida. Durante este tempo realizáronse grandes avances no coñecemento da infección e o seu tratamento. Con todo, aínda existen importantes retos en relación á prevención e a abordaxe social e sanitaria desta enfermidade.



30
anos de logros
anos de retos

1 de Decembro, DÍA MUNDIAL DA SIDA



www.mspsi.gob.es

Logros

SABEMOS QUE É O VIH, COMO SE TRANSMITE E COMO SE PREVEN

O **virus de inmunodeficiencia humana (VIH)** destrúe as defensas do organismo e fai que se padezan infeccións, tumores e outras enfermidades. A **sida** é a fase máis grave da infección do VIH.

O VIH SÓ PODE TRANSMITIRSE POR:

- Manter relacións sexuais con penetración (vaxinal, anal ou oral) sen protección. O risco existe tanto para quen penetra como para a persoa que é penetrada, aínda que é maior para esta última, e aumenta se se teñen lesións nos xenitais e infeccións de transmisión sexual (ITS).
- Compartir un obxecto punzante que estivese en contacto con sangue infectado: xiringas, agullas, instrumentos para a acupuntura, tatuaxes, piercings, etc.
- Dunha muller con VIH ao seu fillo/a durante o embarazo, parto ou lactación.

O VIH PÓDESE PREVENIR:

- Usando preservativo (masculino ou feminino) nas relacións sexuais con penetración e evitando a exaculación na boca se se practica o sexo oral.
- Utilizando material estéril e evitando o uso compartido de xiringas, agullas e outros útiles de inxección se se consomen drogas inxectadas.
- Se estás embarazada e tes VIH, hai tratamentos que reducen eficazmente o risco de transmisión. A lactación materna non está recomendada.

SABEMOS COMO SE DETECTA O VIH

A proba do VIH é unha análise específica que detecta a infección por VIH. Debe ser sempre **voluntaria e confidencial**, e tamén pode facerse de forma **anónima**.

Pódese realizar de forma **gratuíta** nos **centros sanitarios da rede pública**. Nos **centros de enfermidades de transmisión sexual**, algunhas **ONG** e **farmacias** non che pedirán a tarxeta sanitaria.

Tamén existen as **probos rápidas** de detección do VIH, **cuxo resultado se pode obter en menos de 30 minutos**. Un resultado positivo nestas probas debe ser comprobado posteriormente.

DISPOÑEMOS DE TRATAMENTOS ANTIRRETROVIRAIS

En España dispoñemos de tratamentos antirretrovirais que melloran a calidade de vida, aumentan a supervivencia das persoas con VIH e reducen eficazmente o risco de transmisión do virus de nai a fillo/a.

Retos

INTENSIFICAR AS ESTRATEXIAS DE PREVENCIÓN

A pesar dos avances conseguidos, o número de persoas que vive co VIH segue aumentando.

Por iso, é necesario intensificar as estratexias de **PROMOCIÓN DO USO DO PRESERVATIVO** como medida básica de prevención da transmisión do VIH e outras ITS.

ELIMINAR O ATRASO DIAGNÓSTICO

En España estímase que hai entre 120.000 e 150.000 persoas infectadas co VIH, das cales aproximadamente unhas 35.000 non o sabe. Por iso o diagnóstico precoz é unha prioridade.

RECOMÉNDASE A REALIZACIÓN DA PROBA DO VIH A:

- As mulleres embarazadas ou que planifiquen un embarazo.
- As persoas que padeceron algunha ITS, tuberculose ou hepatite viral.
- As persoas que teñen unha parella estable e queren deixar de usar o preservativo coa súa parella.
- As persoas que mantiveron relacións sexuais con penetración (anal ou vaxinal, e tamén oral se houbo exaculación) sen preservativo con algunha persoa con VIH ou se se descoñecía se estaba infectada.
- Se se compartiu o material para inxectarse drogas (xiringas, agullas, culleres, filtros...).

Se tiveches unha práctica de risco, non esperes, acude ao teu centro de saúde ou outro centro onde poidan facerche a proba. Alí valorarase o teu caso, indicaranche a proba e, en caso dun resultado negativo, diranche se debes repetila e cando.

Cofecer canto antes, se estás infectado/a, permitirache acceder a un tratamento eficaz que mellore a túa calidade de vida e aumente a túa supervivencia e adoptar as medidas necesarias para evitar a transmisión da infección a outras persoas.

DESENVOLVER UNHA VACINA E UN TRATAMENTO CURATIVO

A día de hoxe hai varios ensaios clínicos en marcha para probar vacinas e métodos para reducir ou eliminar o VIH do organismo.

PROMOVER O ACCESO UNIVERSAL AOS TRATAMENTOS NOS PAÍSES EMPOBRECIDOS

Un aspecto esencial é que todas as persoas con VIH, independentemente de que o seu país sexa rico ou pobre, teñan acceso aos tratamentos.

ADAPTAR A ATENCIÓN DAS PERSOAS CON VIH ÁS SÚAS NOVAS NECESIDADES

As necesidades das persoas con VIH son diferentes ás dos primeiros tempos da epidemia. Na actualidade están sometidas ao desgaste da infección, aos efectos secundarios dos tratamentos e en bastantes casos, a outras infeccións crónicas como as hepatites e as enfermidades propias do envellecemento.

A cronificación da enfermidade e o envellecemento das persoas con VIH fan necesario unha abordaxe integral e multidisciplinar, incluíndo aspectos médicos, psicolóxicos e sociais.

COMBATER OS PREXUÍZOS, O ESTIGMA E A DISCRIMINACIÓN DAS PERSOAS CON VIH

A discriminación segue sendo un importante problema ao que teñen que facer fronte as persoas con VIH. O estigma está causado polos prexuízos sobre a sexualidade, as enfermidades infecciosas e a súa asociación con grupos previamente estigmatizados, así como ao descoñecemento e as ideas erróneas sobre o VIH, a sida, as súas vías de transmisión e de non transmisión.

O VIH NON SE TRANSMITE POR:

- Os bicos, as caricias, darse a man ou tocarse.
- As lágrimas, a suor, a saliva, a tose ou os esbirros.
- Compartir obxectos de uso común (teléfono, cubertos...), a roupa ou alimentos, duchas, lavabos ou WC, piscinas, instalacións deportivas ou de lecer, espazo laboral, residencias, colexios, balnearios e establecementos públicos.
- A través de animais, mosquitos ou outros insectos.
- Por doar ou recibir sangue, en países onde o control é axeitado.